

A web corporativa superou o 30% de visitas novas en 2009

A audiencia da **web corporativa** <http://www.arquitectosdesantiago.es> creceu de forma moi significativa no ano 2009, “froito da intensa actividade colexial, social e cultural”, tal como explica o presidente da Delegación, Jorge Duarte, cun **30,25% de novas visitas**.

“En tempos de crise, nós, como profesionais e como colexio comprometido coa sociedade, apostamos por duplicar o esforzo e a motivación e abrimos á cidadanía en tantos ámbitos que podemos compartir. **Porque a edificación, o urbanismo, o territorio, a paisaxe, a sostibilidade son cousa de todos**”, segundo afirma Duarte, ao tempo que celebra que a sección de Actividades sexa a máis visitada polos internautas.

Outras estatísticas relevantes son os **4.514 usuarios únicos, as 14.271 visitas e as 44.228 páxinas vistas** durante o ano pasado. Os datos revelan, engade Duarte, que “debemos” seguir por este camiño e subliña que o maior coñecemento social da “nosa actividade redonda nunha maior implicación de todos co feito arquitectónico entendido en sentido amplo”.